



**ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA**  
[www.apdr.info](http://www.apdr.info)  
[apdr@apdr.info](mailto:apdr@apdr.info)

Transcorridos xa seis meses desde a vaga de lumes que nos asolagou o verán pasado, a Asociación Pola Defensa da Ría non está disposta a que estes gravísimos feitos fiquen no esquecemento. A APDR quere facer partícipe a tódalas persoas que o desexen dun acto de prantación de árbores que terá lugar o vindeiro domingo día 25 de febreiro en Pedre, Cerdedo; xusto no lugar onde comezou o maior destes incendios, que arrasou máis de 80000 hectáreas e percorreu durante días cinco concellos da comarca de Pontevedra, levando por diante a vida de tres persoas e danando de forma severa a biodiversidade do Val do Lérez e arredores.

Mediante este acto simbólico e reivindicativo a APDR quere incidir na importancia da conservación do bosque autóctono fronte ao monocultivo de especies alóctonas e pirofíticas como o eucalipto e o piñeiro, que se propagan sen control polos nosos montes, destruíndo a biodiversidade e a calidade do bosque e convertindo a nosa paisaxe nun "deserto verde". A APDR segue a apostar por un novo modelo de pervivencia forestal, acorde coa produción de madeira e coa conservación dos ecosistemas. É posíbel un futuro de oportunidades económicas e de desenvolvemento social e conservación da biodiversidade con actuacións que valoricen o monte como fonte de recursos diversificados.

Por isto, desde a asociación incidimos na concienciación do respecto o noso entorno e animamos a tódalas persoas a formar parte deste acto no que prantaremos máis dun cento de árbores de especies autóctonas, que hoxe están a ser ameazadas polos lumes, o abandono e o monocultivo, serán castiñeiros, carballos, acivros, ameneiros, bidueiras, etc. Para facilitar a participación de todas e todos, un autobús partirá da Praza do Concello de Pontevedra ás once da mañá do domingo, unha vez en Pedre faremos un pequeno percorrido a pé até o lugar de Serrapio, onde se levará a cabo a prantación e de volta terá lugar unha comida na casa de turismo rural de Pedre. Tódalas persoas que desexen vir en autobús e ficar xantar deberán avisar da súa presenza ( o prezo da comida por persoa será de 6 euros ) mediante calquera dos medios abaixo mencionados e só até o venres día 23.

APDR (local): Rúa San Xulián nº1, 1º (mércores das 20.30 en diante) 986 84 74 85

[apdr@apdr.info](mailto:apdr@apdr.info)

Antón Masa : 666 621 438 / [antonmasa@hotmail.com](mailto:antonmasa@hotmail.com)

María Peón : 635 632 607 / [maria\\_peon@yahoo.fr](mailto:maria_peon@yahoo.fr)

Benito Andrade : [bandrade@mundo-r.com](mailto:bandrade@mundo-r.com)